

## **A Montaña esixe á Xunta a derogación do Plan Director Rede Natura ó non ser consensuado cos veciños nin establecer compensacións económicas**

**Os Concellos socialistas e os voceiros do PSOE nos restantes municipios solicitarán nos respectivos Plenos reducir a extensión da RN e enviarán o acordo ó Valedor do Pobo para que este actúe perante a administración autonómica, co obxectivo de evitar o dano que produce nesta zona a entrada en vigor desta normativa**

**Os socialistas vense obrigados a adoptar esta medida porque a proposta repercute negativamente na economía da comarca, xa que axustarse á RN non só implica o cumprimento de medidas moi restritivas, senón que supón elevados custes para os gandeiros. Das 50.000 cabezas de rubia galega que existen en España, o 75% están na provincia e, unha gran parte desta, sitúanse na Montaña luguesa**

**Esta demanda, sumáse á iniciativa presentada pola Deputación de Lugo xa en xaneiro de 2012, data na que o organismo provincial tamén solicitou á administración autonómica que se consensuase a proposta cos Concellos afectados e que se especificasen as medidas de apoio económico para paliar os efectos de dita normativa**

Os Alcaldes socialistas da Montaña lucense, así como os voceiros do PSOE nos restantes municipios da zona, esixirán á Xunta de Galicia a derogación do Plan Director da Rede Natura 2000 ó non ser consensuado cos donos das fincas, nin establecer as compensacións económicas pertinentes que palién as fortes medidas restritivas que inclúe, e que supoñen un sobrecusto para os gandeiros desta zona da provincia. Deste xeito, tamén solicitarán nos respectivos Plenos da Corporación municipal que a administración autonómica reduza a extensión da Rede Natura, e enviarán o escrito íntegro do acordo ó Valedor do Pobo para que este organismo actúe perante o Executivo galego, co fin de evitar o dano que produce ós veciños a entrada en vigor desta normativa.

O 29 de xuño de 2011 a Consellería de Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, publicaba a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia, segundo a cal a Comunidade quedaría conformada por un total de 79 Lugares de Importancia Comunitaria (LICs), que ocupan unha extensión de 649.000 hectáreas, fronte ás 374.000 actuais, o cal suporía un considerable aumento do 73% fronte á anterior.

Dos 315 municipios galegos, 267 posúen territorios incluídos na Rede Natura. Destes, 138 inclúen menos do 10% da superficie municipal dentro deste espazo, mentres que 108 achegan entre o 10% e o 50%, 21 máis do 50% e, tan só 7, máis do 75% da súa superficie. Neste último caso, inclúense precisamente os Concellos situados exclusivamente nas áreas montañosas orientais das provincias de Lugo e Ourense.

### **Un lastre para o desenvolvemento socioeconómico destes Concellos**

Esta valoración implica que, en todos os municipios que obteñan unha superficie inferior á indicada, quedan prohibidas as construcións e instalacións agrícolas; infraestruturas destinadas ó apoio da gandeiría extensiva e intensiva; granxas; establecementos que aloxen, manteñan ou crien animais; instalacións apícolas; construcións dirixidas á xestión e explotación forestal; ou instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e ó subministro de carburante.

A proposta supón, por tanto, un lastre para o desenvolvemento socioeconómico destes municipios que, ademais son eminentemente gandeiros. Das 50.000 cabezas de Raza Rubia Galega que existen en España, o 75% están en explotacións lucenses e, moitas destas, sitúanse na Montaña luguesa.

Ademais, se se ten en conta que boa parte da poboación destes municipios supera os 65 anos e que coa aplicación desta normativa as perspectivas de futuro diminúen, o forte despoboamento que na actualidade xa padecen tamén aumentará considerablemente.

Así mesmo, ademais das consecuencias demográficas, o Plan Director repercute negativamente na economía da comarca, xa que, na maioría dos casos, axustarse á normativa da RN non só implica o cumprimento de medidas moi restritivas, senón que supón un incremento no investimento que os autónomos e os gandeiros desexen realizar, posto que as construcións teñen que levar un material determinado e unhas características axustadas ó medio no que se prevén executar.

### **O municipio da Fonsagrada, un dos máis afectados**

O Plan Director de RN 2000, elaborado pola Xunta, en cumprimento coa normativa europea, define tres zonas: de protección, de conservación e de uso xeral. No caso da provincia de Lugo, un dos Concellos máis afectados é o de Fonsagrada, xa que non recolle dentro do seu territorio ningunha zona de uso xeral, sendo todo de protección e conservación.

Concretamente, este municio que, ademais se atopa dentro da Reserva da Biosfera que xestiona o goberno autonómico río Eo-Oscos-Terras de Burón, a superficie actual de Rede Natura é de 3.528 hectáreas, é dicir, o 8% da superficie total do Concello. Coa ampliación, a superficie pasará a ser de 17.397 hectáreas, ou o que é o mesmo, o 39,7% da superficie total do Concello. O incremento, polo tanto é de 13.869 ha, o que representa un 31,6%.

### **Iniciativa da Deputación de Lugo**

A petición que farán os socialistas sumáse á iniciativa presentada pola Deputación de Lugo xa en xaneiro de 2012. O organismo provincial, tendo en conta que a normativa supón fortes medidas restritivas para este Concellos, solicitou o pasado ano á administración autonómica que incremente ata o 40% a superficie de RN nos municipios próximos a esta porcentaxe para que o seu desenvolvemento económico non se estanque nin sufra un retroceso.

Así mesmo, a institución luguesa tamén demandou da Xunta de Galicia que se consensuase a proposta cos Concellos afectados; que se especificasen as medidas de apoio económico para evitar os danos que supón a entrada en vigor deste Plan; e que se elaborasen con criterios técnicos os mapas de unidades ambientais, de valoración e zonificación para adecualos en maior medida á realidade dos Concellos, realizando así unha profunda análise de campo previa que mellore a situación que teñen.

8 de novembro de 2013

**Saúdos,**  
**Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo**